



Parque Nacional Peneda-Gerês

20, 21 de xullo de 2013

PROGRAMA

Sábado 20

9h. **Saída.**

O punto de encontro será a saída da autovía 294, na altura de Pontearreas.

11h. **Ruta. O trilho do Ramiscal**

Percorrido de 7,5 quilómetros de lonxitude e dificultade baixa. O seu interese paisaxístico e botánico é notábel; así, salientan as formacións arbóreas nas que destaca o carballo atlántico, os socalcos fértiles, o val vizoso do Ramiscal. Unha ruta estimulante arredor dunha das matas máis recoñecidas do parque.

16,30h **Hospedaxe na Pousadinha da Juventude e na Residencial Tavares. (Arcos de Valdevez)**

18,30h **Visita guiada á vila do Soajo. O contexto socioeconómico**

O Soajo é o paradigma de vila-aldea da serra. Fincada sobre o granito, semella unha prolongación deste. O traballo agrícola e gandeiro percíbese na arquitectura de casas e ruelas, no impresionante conxunto dos 24 canizos de pedra ou nas brandas da serra.

E o seu pelourinho, chantado na praza, simboliza a xustiza daqueles séculos.

20h. **Descanso**

21,30h **Cea-convivio. Arcos de Valdevez.**

Domingo 21

9h **Almorzo**

10h. **Porta do Mézio. O megalitismo. Contexto histórico**

Na porta de entrada ao Parque Nacional, concéntranse, nun pequeno planalto de 2 quilómetros de lonxitude, un conxunto de 11 mámoas, datadas no 5000-3000 ac. A anta do Mézio é un dos elementos notábeis do conxunto.

12h. **Ruta. Pertinho do céu**

Outro percorrido de media montaña, interesante. Son 6 quilómetros de dificultade baixa a moderada que salienta polas brandas de apoio ao gando, o bosque de cerquiños, as impactantes vistas do macizo rochoso da Serra da Peneda ou os exemplares das razas propias cachena e barrosá.

18h. **Visita guiada ao Castelo de Lindoso. Contexto histórico**

A Idade Media é un período longo e tumultuoso no que os reinos peninsulares modificaban os seus territorios, aliándose, someténdose, independizándose.

No S.XIII, Portugal precisa asentar o seu reino e así, Afonso III, prepara a defensa da fronteira.

19,30h. **Partida**